

## HORARIOS

### AULA DE XOGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE VITE

- De martes a venres de 17 a 20.30 h.
- Sábados de 10.30 a 13.30 h según programación do clube pre-xuvenil

### AULA DE XOGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE SANTA MARTA

- De martes a venres de 17 a 20.30 h.
- Sábados de 10.30 a 13.30 e de 17 a 20.30 h.

### AULA DE XOGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DA TRISCA

- De martes a venres de 17.30 a 21 h.

### AULA DE XOGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL AGUSTÍN BUENO DO CASTIÑEIRIÑO

- De martes a venres de 17 a 21 h.
- Sábado de 17 a 20.30 h.

### AULA DE XOGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL AURELIO AGUIRRE DE CONXO

- De martes a sábado de 17 a 20.30 h.
- Sábado de 10.30 a 14 h.


### AULA DE XOGO DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE FONTIÑAS

#### AULA DE XOGO 1

- De martes a sábado de 17 a 20 h

#### AULA DE XOGO 2

- Luns de 17.30 a 21h
- De martes a sábados de 17 a 20.30 h
- Sábado mañán de 10.30 a 13.30 h



# PROGRAMA DE ACTIVIDADES AULAS DE XOGO DA REDE DE CENTROS SOCIOCULTURAIS

**SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
**xaneiro - xuño 2020**

Centro temático: respectar o medio ambiente.

"Xogamos e construímos xoguetes cos elementos da natureza: a auga, a terra, o aire e o lume" Neste semestre a liña de traballo xirará arredor do mundo natural e centrarase en 4 dos elementos que o conforman para construír os xoguetes de aire, xogos na terra como os que había antano (as bólas, mariolas, traballar o barro), xogos na auga (construír barquiños de papel) xogos co lume non, pero si aproveitar as cacharelas para coñecer que son, como se goza arredor delas e buscando herbas apropiadas para a noite máxica do San Xoán.

**Organizamos os xogos por semanas temáticas, arredor dos días declarados de interese internacional.**

## XANEIRO

**26 de xaneiro** Día Mundial da Educación Ambiental Construímos e xogamos con xoguetes que nos permitan tomar conciencia da situación do noso planeta. Que podemos facer para ter un planeta máis limpo? Que accións podemos levar a cabo? Que xoguetes e xogos respectan o medio ambiente e cales non? Xogamos cos que consideremos que son máis respectuosos co medio.

## FEBREIRO

**11 de febreiro** Día Mundial das Mulleres e as Nenas na Ciencia Desenvolvemos xogos e buscamos xoguetes que teñan que ver co descubrimento do mundo científico e vemos a importancia de que as mulleres tamén poidan acceder a el. Quen coñece algunha muller científica?

Xogamos a ser científicas.

**Mes do Entroido** Construímos elementos propios do entroido e gozamos con eles. Xogamos a ser científicas e buscamos e elaboramos elementos de disfraz que nos identifique con elas.

## MARZO

**3 de marzo** Día Mundial da Natureza

Xogamos durante esta semana con elementos naturais que poidamos traer da nosa contorna. Construímos elementos con barro? Construímos xoguetes de vento, como un muíño de vento ou avións de papel para lanzar polo aire.

**21 de marzo** Día Internacional dos Bosques

Xogamos con elementos propios dos bosques? Utilizamos os xoguetes de madeira que teñamos na aula e valoramos este elemento sostible para o medio ambiente.

**22 de marzo** Día Mundial da Auga

Facemos xogos con auga?

## ABRIL

**2 de abril** Día Internacional do libro infantil

Centrarémonos en lecturas e xogos que teñan que ver coa temática deste semestre e dun xeito transversal participamos nas actividades que GÁLIX propoña para toda Galicia.

**22 de abril** Día da Terra. Podemos saír á rúa e xogar á mariola?

Podemos construír coas nosas mans elementos de barro e xoguetes?

## MAIO

**28 de maio** Día Internacional do Xogo

Dedicamos o mes a xogar e a descubrir novos e diversos xogos que aínda non coñecemos: descuberta de novos xogos.

Seguindo a dinámica iniciada o ano pasado, farase o II Encontro de Aulas de Xogo na Alameda de Santiago con xogos de vento, terra e aire... Leranse publicamente os dereitos dos nenos e nenas ao xogo recoñecidos no artigo 31 da Convención internacional dos dereitos da infancia.

## XUÑO

**24 de xuño** Celebración do San Xoán

Descubrimos as herbas máxicas propias para este día? Facemos xogos tradicionais e de mesa que poidan ter de base a temática do semestre...

### CENTRO SOCIOCULTURAL DE SANTA MARTA

- **EN XOGO!** Todos os días no horario habitual da aula de xogos. Xogos e actividades libres e dirixidas: cantigas e dinámicas de movemento son a base principal deste espazo coa finalidade de fomentar a relación cos iguais e co equipo da aula de xogo.
  - **TRABALLAMOS COAS MANS:** Obradoiros de creación de xoguetes e decoración da aula.
  - **PEQUENOS/AS DESCOBRIDORES/AS:** A través de dinámicas de movemento, diferentes manifestacións artísticas, experimentación e o mundo audiovisual, os nenos e nenas investigarán e descubrirán o mundo que se lles presenta en cada data temática.
  - **XOGOEXPLORADORES/AS:** A través de obradoiros mensuais exploraremos cos nenos e nenas diferentes disciplinas artísticas, científicas, partindo sempre das súas inquedanzas.
  - **DESCUBRIMOS UN XOGO:** Presentación de xogos de mesa e de movemento na aula.
  - **HOXE CONTA COMIGO:** A través de escenificacións e contos en papel achegaremos os nenos e nenas ás temáticas sinaladas en cada mes.
  - **PEQUENOS/AS LECTORES/AS:** Actividade de fomento da lectura na que se presenta de forma lúdica e a través do xogo o mundo dos libros.
- ACTIVIDADES PUNTUAIS:** Ludoexperimenta, Diverinxenio, Emocionámonos, Cos Sentidos (consulta de datas e programa específico na aula).

### CENTRO SOCIOCULTURAL DA TRISCA

- **TRISCA XOGANTÍNS/AS:** No horario habitual da aula. Xogos tradicionais e de mesa que fomenten que os nenos e nenas interactúen, respecten e socialicen.
- **TRISCA CREATIVOS/AS:** Unha vez por semana a partir das 19 h. Obradoiros onde os nenos e nenas crean, transforman, coñecen diferentes materiais e valoran o traballo que custa a súa realización sendo conscientes de que lograron unha obra de arte única e propia.
- **TRISCA TALENTOS:** Xogos con elementos naturais onde se fomenta a creatividade e se valora e respecte o medio.
- **TRISCA LECTORES/AS** Actividade de fomento da lectura con periodicidade semanal a través de xogos, cancións dinámicas e obradoiros que pretende que os nenos e nenas se acheguen pouco a pouco á maxia dos libros e convertano hábito da lectura nunha actividade libre, lúdica e autónoma.
- **TRISCA CHEFS:** Venres de merenda O primeiro venres de cada mes a partir das 17.30 h. Actividade interxeracional na que se realiza unha merenda; participan tanto nenos e nenas coma maiores.

### CENTRO SOCIOCULTURAL AGUSTÍN BUENO DO CASTIÑEIRIÑO

- **MANUALIDADES PARA CATIVOS /AS CREATIVOS/AS:** Os martes a partir das 18 h. Realización de manualidades e elementos decorativos (murais, carteis...) relacionados coas datas temáticas.
- **XOGUETEANDO:** Os mércores de 18 a 19.30 h. Creación de xoguetes tradicionais con material de refugallo para xogar na propia aula.
- **OBRADOIROS TEMÁTICOS DOS XOVES:** Os xoves de 18.30 a 20 h. Alternativa para aproveitar o tempo libre dun xeito saudable e divertido no que se realizarán adornos e decoración do centro atendendo ás distintas datas temáticas.

### CENTRO SOCIOCULTURAL AURELIO AGUIRRE DE CONXO

- **RECUNCHO DO/A ARTISTA:** 21 de xaneiro, 4, 11, 18 e 25 de febreiro, 4 de marzo e 7 de abril de 18 a 19.30 h. Espazo de expresión artística a través de obradoiros cos que os nenos e nenas poderán dar renda solta á súa creatividade. Cada mes traballárase ao redor das datas temáticas sinaladas. Realización de murais, xoguetes, elementos decorativos para as aulas e centro.
- **TARDES DE XOGO:** 22 de xaneiro, 12 de febreiro, 18 de marzo, 22 de abril, 6, 13, 20 e 27 de maio, 10 e 17 de xuño. Espazo de xogo libre e dirixido, xogos de mesa e xogos de exterior cando o tempo o permita coa temática sinalada en cada mes.

### CENTRO SOCIOCULTURAL DE FONTIÑAS

**AULA 1** Neste semestre a liña de traballo xirará en torno a construír xoguetes e xogos responsables co medio

**AULA 2**

- **TARDES DE XOGO:** Venres 17, 24 e 31 de xaneiro, todos os venres de marzo e abril ás 18.30 h. Espazo de xogo libre e dirixido: xogos de mesa, tradicionais e nos que os participantes terán que superar unha proba, xogos de exterior cando o tempo o permita coa finalidade de recuperar o xogo nas prazas e rúas.
- **OBRADOIROS DE CREACIÓN DUN XOGO OU XOGUETE:** O 23 de xaneiro, 20 de maio e 10 de xuño a partir das 18.30 h. Creación de xogos ou xoguetes con material de refugallo para xogar na propia aula.
- **OBRADOIROS DE ANIMACIÓN Á LECTURA:** actividade de fomento da lectura na que se presenta de forma lúdica e a través do xogo o mundo dos libros. Realízase de forma puntual nas semanas temáticas en colaboración co espazo da biblioteca e animación. Consultar a data no centro.

### CENTRO SOCIOCULTURAL JOSE SARAMAGO DE VITE

- **XOGO PRESENCIADO:** Os martes de 17 a 20.30 h, mércores de 17 a 18 h xoves de 17.30 a 20.30 h e venres de 17.30 a 20.30 h.
- **DEBUXA QUE DEBUXA:** Os primeiros martes de mes de 18.30 a 19.30 h. Elabórase un mural coa temática máis representativa do mes.
- **O RECUNCHO DE...** Os mércores de 18 a 20.30 h. Coñecer outra cultura, xogos e tradicións, tentando que o idioma vehicular sexa o inglés (SVE).
- **COMO SE XOGA?** Xoves de 19 a 20 h. Descubrir diferentes xogos ou mesmo crealos seguindo a temática do mes.
- **GRUPO DE INVESTIGACIÓN** Rapaces e rapazas de 6 a 14 anos (consultar día e hora no centro).
- **ACTIVIDADES DO CLUB PRE-XUVENIL** Os sábados de 10.30 a 13.30 h (segundo programación).
- **ACTIVIDADES DO CLUBE PRE-XUVENIL:** sábados de 10.30 a 13.30 h (según programación).